

# ACTIVIDADES
# **30 ANIVERSARIO DO CGAC**

VENRES 29 DE SETEMBRO

21:00 h.
*Finale,* espectáculo de danza vertical da compañía Delrevés
Fachada sur do CGAC | Acceso libre e de balde

21:30 h.
Proxección de *mapping* 3D
Exterior do CGAC | Acceso libre e de balde

SÁBADO 30 DE SETEMBRO
**CONCERTOS**
Exterior do CGAC | Acceso libre e de balde

21:00 h. **FAIA**
22:00 h. **Malandrómeda**
23:00 h. **Jungle by Night**

CGAC 30 ANIVERSARIO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

# 30 ANIVERSARIO DO CGAC
## ACTIVIDADES

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

29 e 30 de setembro de 2023

Con motivo do seu 30 aniversario, o CGAC deseñou un programa especial de concertos e espectáculos que, tomando como punto de partida o edificio que alberga o museo, combina diversas linguaxes e disciplinas artísticas como a danza, a videocreación e a música.

A celebración principiará o venres 29 cun espectáculo de danza vertical e de video *mapping*, no que os corpos, as imaxes e os sons se conxugarán en diálogo cos muros exteriores do edificio deseñado por Álvaro Siza Vieira. E, na noite do sábado, a mestura entre tradición e contemporaneidade que caracteriza o traballo de FAIA servirá de preámbulo para o concerto do grupo local Malandrómeda e maila banda holandesa Jungle by Night.

Con motivo de su 30 aniversario, el CGAC ha diseñado un programa especial de conciertos y espectáculos que, tomando como punto de partida el edificio que alberga el Museo, combina diversos lenguajes y disciplinas artísticas como la danza, la videocreación y la música.

La celebración comenzará el viernes 29 con un espectáculo de danza vertical y de vídeo *mapping*, en el que los cuerpos, las imágenes y los sonidos se deslizarán en diálogo con los muros exteriores del edificio diseñado por Álvaro Siza Vieira. Y, en la noche del sábado, la mezcla entre tradición y contemporaneidad que caracteriza el trabajo de FAIA servirá de preámbulo para el concierto del grupo local Malandrómeda y de la banda holandesa Jungle by Night.

### VENRES 29 DE SETEMBRO

21:00 h. ***Finale*, espectáculo de danza vertical da compañía Delrevés**

Fachada sur do CGAC | Acceso libre e de balde



A compañía Delrevés, fundada en 2007 en Barcelona por Saioa Fernández e Eduardo Torres, emprega a arquitectura como soporte do movemento a través da fusión de diversas disciplinas artísticas como a danza contemporánea, as artes dixitais, o teatro ou a danza vertical. Ao longo dos anos, esta compañía catalá forxou unha sólida carreira internacional e presentou o seu traballo en catro dos cinco continentes. A súa achega principal consiste en ofrecer unha nova visión da danza vertical, cunha linguaxe propia e innovadora.

O espectáculo *Finale* permite gozar da danza nun novo espazo escénico ao tempo que incorpora, descontextualizándoas,

### VIERNES 29 DE SEPTIEMBRE

21:00 h. ***Finale*, espectáculo de danza vertical de la compañía Delrevés**

Fachada sur del CGAC | Acceso libre y gratuito

La compañía Delrevés, fundada en 2007 en Barcelona por Saioa Fernández y Eduardo Torres, emplea la arquitectura como soporte del movimiento, a través de la fusión de diversas disciplinas artísticas como la danza contemporánea, las artes digitales, el teatro o la danza vertical. A lo largo de los años, esta compañía catalana se ha forjado una sólida carrera internacional y ha presentado su trabajo en cuatro de los cinco continentes. Su aportación principal consiste en ofrecer una nueva visión de la danza vertical, con un lenguaje propio e innovador.

El espectáculo *Finale* nos permite disfrutar de la danza en un nuevo espacio escénico, al tiempo que incorpora, descontextualizándolas, secuencias bien conocidas del repertorio de la danza clásica. Colgadas de la terraza del edificio y usando como apoyo una de sus fachadas, las bailarinas Saioa Fernández y Sheila Ferrer interpretarán elementos de ballets como *El lago de los cisnes*, *El cascanueces* o *Giselle*.

www.del-reves.com

21:30 h. **Proyección de *mapping* 3D**

Exterior del CGAC | Acceso libre y gratuito

Proyectado sobre la fachada sur del edificio y concebido por los especialistas en la creación de experiencias inmersivas Maxina, este singular espectáculo de *mapping* activará una sugestiva y emocionante deconstrucción visual del CGAC. Mediante un juego



secuencias ben coñecidas do repertorio da danza clásica. Dependuradas da terraza do edificio e usando como apoio unha das súas fachadas, as bailarinas Saioa Fernández e Sheila Ferrer interpretarán elementos de ballets como *O lago dos cisnes, O crebanoces* ou *Giselle.*
www.del-reves.com

21:30 h. **Proxección de *mapping* 3D**
Exterior do CGAC | Acceso libre e de balde

Proxectado sobre a fachada sur do edificio e concibido polos especialistas na creación de experiencias inmersivas Maxina, este singular espectáculo de *mapping* activará unha suxestiva e emocionante deconstrución visual do CGAC. Mediante un xogo de luces e ilusións ópticas, a proxección percorrerá os trinta anos de historia do centro evocando algunhas das obras que no seu día estiveron expostas nos seus espazos máis representativos e creando un túnel fractal de sucesos e actividades.

## SÁBADO 30 DE SETEMBRO
**CONCERTOS**
Exterior do CGAC | Acceso libre e de balde

21:00 h. **FAIA**

FAIA traballa coa música de tradición oral, e a voz é a súa ferramenta esencial. Durante a súa intervención no CGAC, experimentará coa sonoridade do espazo e a escoita activa. Recuperará coplas transmitidas de boca en boca que, pola súa vez, procuran novas bocas movéndose entre o íntimo, aquilo que se di e o que se silencia. Para iso de luces e ilusiones ópticas, la proyección recorrerá los treinta años de historia del centro, evocando algunas de las obras que en su día estuvieron expuestas en sus espacios más representativos y creando un túnel fractal de sucesos y actividades.

## SÁBADO 30 DE SEPTIEMBRE
**CONCIERTOS**
Exterior del CGAC | Acceso libre y gratuito

21:00 h. **FAIA**



FAIA trabaja con la música de tradición oral, empleando la voz como herramienta esencial. Durante su intervención en el CGAC experimentará con la sonoridad del espacio y la escucha activa. Recuperará coplas transmitidas de boca en boca, que a su vez buscan nuevas bocas, moviéndose entre lo íntimo, aquello que se dice y lo que se silencia. Para ello beberá de la fuente de su propio archivo, pero también de su memoria personal y, como no podía ser de otro modo, de la memoria colectiva del CGAC. Con estos elementos armará un concierto en el que reivindicará la herencia colectiva como lugar necesario de cobijo y subversión.
www.faia.gal

beberá da fonte do seu propio arquivo, mais tamén da súa memoria persoal e, como non podía ser doutro xeito, da memoria colectiva do CGAC. Con estes elementos armará un concerto no que reivindicará a herdanza colectiva como lugar necesario de acubillo e subversión.
www.faia.gal

22:00 h. **Malandrómeda**

Malandrómeda defínese como un grupo de rap compostelán, atemporal e bastardo. Nos últimos tempos vén de editar 4 EP, cada un deles cunha estética diferente, que corresponden aos catro episodios dunha obra conxunta na que todo xira arredor da introdución dos lagares en Galicia durante a romanización.
www.malandromeda.com

23:00 h. **Jungle by Night**



Para pechar a noite, contaremos coa banda Jungle by Night, integrada por sete rapaces neerlandeses cuxos directos radiantes e enerxéticos os converten en estrelas improvisadas de todos os festivais nos que participan. Aínda que foi concibido con instrumentos analóxicos, o seu sétimo álbum de estudio, *Algorythm*, constitúe unha auténtica homenaxe á música electrónica. O son desta banda de Ámsterdam caracterízase polo uso de sintetizadores, batería, baixo, guitarra e percusión realzados cunha trompeta, un saxo e un trombón.

Desde álbums anteriores, con detalles máis duros, ata un enfoque máis forte na electrónica neste último traballo, van onde ningunha outra banda chegara antes na procura dunha zona de confort entre a música *dance*, o *krautrock*, o *funk* dos setenta e a electrónica dos oitenta.

O destes mozos non é un concerto senón unha festa, unha atracción aditiva e chea de baile na que levan da man á audiencia co engado dos seus ritmos.
www.junglebynight.com



22:00 h. **Malandrómeda**

Malandrómeda se define como un grupo de rap compostelano, atemporal y bastardo. En los últimos tiempos ha editado 4 EP, cada uno de ellos con una estética diferente, que se corresponden con los cuatro episodios de una obra conjunta en la que todo gira alrededor de la introducción de los lagares en Galicia durante la romanización.
www.malandromeda.com

23:00 h. **Jungle by Night**

Para cerrar la noche, contaremos con la banda Jungle by Night, integrada por siete chicos neerlandeses cuyos directos radiantes y energéticos los convierten en estrellas improvisadas de todos los festivales en los que participan. Aunque fue concebido con instrumentos analógicos, su séptimo álbum de estudio, *Algorythm*, constituye un auténtico homenaje a la música electrónica. El sonido de esta banda de Ámsterdam se caracteriza por el uso de sintetizadores, batería, bajo, guitarra y percusión realzados con una trompeta, un saxo y un trombón.

Desde álbumes anteriores, con detalles más duros, hasta un enfoque más fuerte en la electrónica en este último trabajo, llegan hasta donde ninguna otra banda había llegado antes en la búsqueda de una zona de confort entre la música *dance*, el *krautrock*, el *funk* de los setenta y la electrónica ochentera.

Lo de estos chicos no es un concierto sino una fiesta, una atracción adictiva y llena de baile en la que llevan de la mano a la audiencia con la magia de sus ritmos.
www.junglebynight.com

CGAC 30 ANIVERSARIO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN
Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/23
cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal